

Día da Poesía

21 marzo 2024

Poesía de Muller



con Luísa Villalta



Poética "Sobre un certo estado de conciencia"

Non se me pida unha análise ou interpretación da miña poesía na mesma medida en que analiso e interpreto a literatura que me é dado ler, porque nada do meu é produto da análise nen da predeterminación, senón tan só da vontade de expresar un modo de comprender o mundo e comprenderme eu mesma a comprender o mundo.

Comprender: un verbo menos abstracto e intelectual do que parece. Máis sutil e completo que "entender", menos fráxil e evanescente que "sentir" e, á vez, un verbo que, por natureza, os "comprende" ambos. Un verbo ao que me está levando toda a vida dar cumprimento

Comprender é un estado de conciencia orixinado por un desarranxo na concepción previa do mundo e produce, como consecuencia, a irrupción dunha expresión.

En min este estado de conciencia fai ferver, por veces durante moito tempo, un magma informe que busca unha forma e, cando por fin a adopta, resulta unha forma que se podería ouvir: unha melodía, melodías contraponteadas, harmonías e disonancias (e non esquezamos que "ouvir" tamén está comprendido nos verbos "entender" e "sentir"). Destas melodías constrúo a miña "palabra melódica" que, penso, é toda poesía e, portanto, tamén a que eu fago.

O estado de conciencia a que me refiro parte en min da interpretación musical. Non abonda con ler unha partitura, como non abonda desenvolver as pautas elementais para vivir. A melodía que soa no violino xorde dun acto continuo da vontade (elexer uns movementos, depurar a intención e os seus resultados). Exercicio da vontade que se obedece a si mesma para producir unha forma coherente e significativa. Desta mesma vontade nace a palabra, como van nacemento estas mesmas palabras, agora, que ben sei nunca abundarán como explicación daquilo (facer poesía?) que non se vai deixar explicar.

Por suposto, nalgures permanecen os temas. Pero os temas son o máis impersoal do traballo poético. Os temas son moi poucos. A vida e a morte. Talvez só a vida (ou só a morte). Sexan os que foren, nas súas infinitas variacións poden encontrarse nas Enciclopedias, nos libros de Historia ou (e non é raro) de Teoría Matemática, na información diaria que nos fai deglutir a realidade, en cada ocasión en que se ten a certeza de estar vivendo. Os temas non son meus, son o mundo mesmo. E, á vez, o mundo mesmo son eu. O tema é o que me fai a min comunidade: unha preocupación polo devir da humanidade, unha maneira galega de ser humana, unha preocupación polo devir de ser galega.

<https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/luisa-villalta/paratextos/2669/luisa-villalta-sobre-un-certo-estado-de-conciencia>

Quixen traer a poesía ao chan e edificar a memoria de promisión de que falan os soñadores corazóns que me rodean na Historia.

Procurei a concreción.

Eu pensaba que a poesía desafiaba o tempo. O grande fiasco alimentou a miña esperanza cando souben que só o tempo é capaz de desafiar o tempo con apenas mostrar a cara interna da luva, a pel das mans con que escribo.

A poesía é unha patria estraña que me exila e me retén a un tempo.

... Até hai apenas quíntos anos a poesía constitúe o único fenómeno onde a palabra e a música forman as dúas caras da mesma moeda.

(in “Poética da concreción”, VILLALTA, Luísa, *Así vou eu, formando parte*, escolma e textos complementarios de Eva Veiga e Pilar Pallarés, Chan de Pólvora, 2024, pp 169 e 173

Poesía e circunstancia

De seu a poesía suscita tanto adhesións como fobias confesadas e inconfesábeis. Meio de expresión libérrimo vale, con todos os degraos intermedios,

tanto para a práctica do onanismo verbal como para a síntese nemotécnica e pasional de calquer ideario, con ou sen ideas, nas fórmulas que van do himno ao xénero panfletario agora caído en desuso grazas, non aos avances aparentes dunha democracia que canalizaría esta expresión, senón á ausencia de maior necesidade de panfletar. Desta liberdade, unida ao triunfo dunha especie de lei da selva canto a estilos e contidos, sumado isto á escasísima reflexión (pública) das xentes da literatura sobre a propia literatura, xorde a patente desconfianza actual sobre o xénero, engastallada mesmo nunha herdada sublimación que non nos atrevemos a finiquitar. Gosta pero non vende, coliximos con perplexidade das declaracións dos editores. O certo é que “non vende” porque non se vende nas escolas, que é o único ao que cuantitativamente na nosa precaria industria literaria podemos chamar “vender”. E non se vende nas escolas porque... en fin, porque xa non hai propiamente literatura nin

Luísa Villalta
Así vou eu, formando parte

Escolma e textos complementarios
de EVA VEIGA e PILAR PALLARÉS



nos plans de estudo nin nos mínimos de supervivencia da tradición cultural permitidos como adorno intelectual da neoburguesía currenate do neocapitalismo. Sen

embargo, e o último ano é proba diso, parece que cando todo falla, o que máis e mellor resiste é a poesía. Entón as olladas, os ouvidos e até os petos dos bons e, sobre todo, xenerosos, converxen novamente, como en tempos bárdicos e heroicos, nese extraño modo de expresión, que nunca se entende de todo, mais que, precisamente por iso, dá cabida non só ao que din en por si as palabras, senón á circunstancia e ao que quen as di e quen as escoita queren e precisan comprender. Este estiramento da linguaxe, resulta ser, ao final, unha función que, considerada antisocial e antieconómica nos prosaicos momentos de fartura, de pronto se converte en válvula de emerxencia e até de economía expresiva, por canto é capaz de resumir o informe e o sentimento, a noticia e a desesperación. En tal emerxencia debemos andar, pois por aí vai indo un ano de nuncamaises, nonásguerras e bóvedas da memoria en recitais e libros colectivos, cos que a poesía certamente pouco pode resolver, pero si transformar a circunstancia en monumento intemporal, a impotencia no poder da palabra criativa.

(íbidem pp 180-1)

Se o principio foi a palabra, antes dela foi o son e, despois, o entendimento e transmisión da súa melodía. Eis a Música, que brota como o río da existencia, e a Palabra, que interpreta o seu ritmo como unha danza ritual arredor do lume da intelixencia. Eis a Poesía, palabra melódica.

(Prólogo a *Música reservada*, VILLALTA, Luísa, *Pensar é escuro. Poesía reunida (1991-2004)*, ed. de Armando Requiño, Galaxia, Vigo, 2023, páx. 75)

Cantas partes de min
van caíndo por diante?
Quen de min cai detrás
de cada verso?
Se non veño de min
e se, aínda antes
de min, tamén son eu
que me precedo,
quizá o ponto
que orixino
sexa o mesmo
que me impede
ser en outro
e me proxecto,
amor disxunto,
en ser desfeito.

MÚSICA RESERVADA

LUÍSA VILLALTA



EDICIÓS DO CASTRO/Poesía

(“O oco da palabra. II. A imaxe” in *Música reservada*, íbidem páx. 109)

Non abonda a palabra recitada
para fechar o libro da memórica,
no fondo sempre hai algo que se ignora
como lido só en páxina selada.

A palabra non é escrita, é soñada
entre o soño do sonido, incolora
entre as cores do sentido, acesória
como a ausencia imprescindíbel e a nada.

Procurando ese rostro que se corta
no vacío producido entre os versos,
ascendín pola escada até unha porta

dunha estancia onde resoan, imersos,
os ecos da palabra, que está morta,
na orfa luz en que van boiar dispersos.

(“O oco da palabra. III. A escrita” in *Música reservada*, íbidem, páx. 117)

E o meio do camiño será un verso
como todos os camiños que comezan
e proseguen. Porque un verso
non é máis que o que se quebra
e continúa,
que se escapa
e fica e segue
e articula o ritmo escuro do sentido
e anda só, e pára, e anoitece
despeñando-se na luz para a seguinte
páxina e infinitas a seguir, río en herdanza,
libro a libro, como un século a outro século.

(íbidem páx. 120)

Detrás da poesía
a sombra
que sustenta o día.

Entre a luz e o corpo
dista o aroma
dunha sombra pura
que é o silencio.

Detrás do sol sonoro,
nun eco escuro,
confunde-se a lembranza
co esquecemento
soando en mil murmúrios
esfumeados
entre o pó e o vento.

Detrás da poesía
a auséncia
que sustenta a vida.

(“Grial do sol perdido. V” in *Música reservada*, íbidem páx. 172)

ISTO é poesía, un ruído provocado. Non ornamento sonoro, arabesco para as pontas dos dedos: innecesarios encaixes para a alma dormir ou sentir a levedeza da onda cando apenas chega a romper. Provocación de boca con fame, isto. E a fame adormece ou reclama.

Fronte á rutina, o rito da palabra tensa a pel do mundo: un tambor que desperta. A pel estremece-se porque reconece a morte que baila fóra da tumba.

Isto é tamén unha muller que resiste.


(“Ritos de resistencia” in *Ruído*, VILLALTA, Luísa, *Pensar é escuro. Poesía reunida (1991-2004)*, ed. de Armando Reixixo, Galaxia, Vigo, 2023, páx. 223)

SE de aquí o poema cai en palabras
que se suman e seguen como as ondas,
fará-se un rumor de notas falsas
que evidencie o imposible dos seguintes

versos. Palabras, por tanto, falsidade
como todos os versos que anteceden.
Mais se as ondas en si mesmas son verdade
as palabras tamén se son poema.

(“Ritos de resistencia” in *Ruído*, íbidem páx. 232)

ACABAREI por facer do poema a biografía,
atar os días a xeito de tercetos encadeados
e espetar-lle ao mundo que si, que é posíbel
viver como vive a poesía, voar de aquí a alá
nalgo tan sutil e ao mesmo tempo tan exacto.
Máis que voar aterro
aterro nesta terra que me aterra
con todo o meu amor nun puño e nun instante
atiborrado de palabras, palabras de min mesma,
na man esquerda, que tantas veces ondeou até cravar-se
con docísima ternura no ollo temeroso e cego
do cíclope tempo mórbido, alcool e demais (era a época)
misturando-se entre o vómito e a esperanza.
Época que persevera en min a na conciencia,
na amizade, iso, na amizade, ese animal violento
engaiolando para sempre os corazóns-comisaría,
os corazóns da terra, o día, a noite,
a lembranza, unha historia transmitida.
Agora hai outra man, e haberá outra na outra,
un brazo en outro até outra aurora,
a compartir no mesmo cónclave o pan e o viño
e todos, sobre todo, a mesma mente como un río.



(“Ritos de resistencia” in *Ruído*, íbidem páx. 251)